

8 datos sobre a cultura xitana



1 Orixe

Procedentes da India, chegaron a España no século XV a través dos Pireneos. O primeiro documento que o testemuña é do ano 1425, cando o rei Alfonso V concede unha cédula de paso a Juan e Tomás, que se fan chamar condes de Exipto Menor, nacendo así o concepto "xitano"..



3 Himno

"Gelem, Gelem"

Significa "Andei, andei".

Foi composto por Jarko Jovanovic e lembra as xitanas e xitanos vítimas no nazismo.

5 8 de abril

Esta data conmemora o Primeiro Congreso Mundial Romaní/ Xitano celebrado en Londres o 8 de abril de 1971. Este día celébrase coa finalidade de concienciar sobre as discriminacións e prexuízos que existen sobre este pobo.



7 Gastronomía

A potaxe, o caldo, os arroces e os cocidos son propios desta cociña, caracterizada polo uso de dúas especias clave: o azafrán e o fiúncho. En canto á sobremesa, un café de pota.



2 Bandeira

O verde simboliza o campo e o azul o ceo. A roda do carro é vermella e representa o camiño desde a India e a liberdade.



4 Lingua

O caló é a lingua do pobo xitano español, provén do **romaní**, a lingua orixinaria xitana. O dicionario da Real Academia Española recolle moitas palabras romanís que utilizamos a diario.

Catear	Comer
Molar	Suspender
Jalar	Querer
Camelar	Difícil
Chungo	Valer

6 Cerimonia do río

Celebración que se leva a cabo nos pobos e cidades de todo o mundo, onde mulleres e homes botan pétalos e flores ao río e prenden candeas para lembrar os seus antepasados.



8 Valores

Fidelidade ao pobo e á familia.

Actividades

Sudoku de palabras

Esta é unha cuadrícula de 4x4 espazos. Cada fila, columna e cadrado (4 espazos cada un) deben completarse coas letras da palabra que aparece enriba sen que se repita a mesma letra na fila, columna e cadrado.

Parcévos difícil? Xa veñen algunhas letras para facervos de guía. Cantas máis letras coloquedes máis doado será! Ánimo!

JETA - CARA

T			J
A	J	E	
E			
	A	T	

MOLA - AGRADA


	M		
L	O		A
M		O	
		A	M

Quen é quen?

Tedes que unir á persoa famosa de orixe xitana coa súa descrición.



Charles Chaplin



Natalia Jiménez



Dioni Martín



Mala Rodríguez



Elvis Presley



Michael Caine



Azúcar Moreno



Alba Flores

Actor inglés de descendencia paterna xitana. Apareceu en máis de 150 películas ao longo da súa carreira. Nominado a 6 Óscar, gañando dous deles.

Nada en Madrid de pai español e nai xitana portuguesa. Foi a vocalista do grupo *La quinta estación*. Foi xurado en *La voz kids*.

Foi un actor, humorista, compositor, produtor, director, escritor e editor inglés de orixen xitano. Considérase un símbolo do cine mudo.

Representaron a España en Eurovisión en 1990 e case o volven facer en 2022. As súas cancións son mundialmente coñecidas.

Cantante e compositor de orixe xitana considerado unha das maiores iconas do século XX. Alcumado o rei do rock and roll.

Cantante de rap española cun toque flamenco. Traballou de camareira antes da súa fama. Publicou 7 discos e cantou con artistas como Jennifer López.

Integrante do grupo Camela. Xitano por parte de nai. Máis de 20 discos e 7 millóns de copias vendidas.

Dende a súa participación na serie *La casa de papel*, a actriz converteuse nunha das caras máis coñecidas a nivel mundial.